



CIRCULAR INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR – ESO

CURSO 2025/2026

Estimadas familias:

Informámoslles de que está aberto o prazo para participar no **fondo solidario de libros de texto** e solicitar as **axudas para adquirir libros e material escolar** para o alumnado de Educación Secundaria Obligatoria (ESO), segundo o disposto na Orde do 28 de abril de 2025 (DOG nº 92, do 15 de maio).

A continuación detallamos as principais datas e aspectos a ter en conta:

Calendario importante

Data límite	Actuación
20 de xuño 2025	Fin do prazo para presentar solicitudes (modelo ED330B)
20 de xuño 2025	Data máxima para devolver os libros do curso 2024/2025
9 de xullo 2025	Data límite para gravar solicitudes e emendas no sistema
14 de xullo 2025	Publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas/excluídas
16 de xullo 2025	Fin do prazo de reclamacións ás listaxes provisionais
21 de xullo 2025	Gravación das resolucións ás reclamacións
28 de xullo 2025	Publicación das listaxes definitivas cos libros asignados
Inicio do curso	Entrega dos libros ao alumnado admitido
31 de outubro 2025	Data límite para xustificar a compra de libros complementarios
31 de marzo 2026	Fin do prazo excepcional de solicitudes (por traslado, etc.)
22 de abril 2026	Fin do prazo para xustificacións complementarias



Requisitos principais

- Presentar a solicitude correctamente cuberta (modelo ED330B).
- Estar matriculado/a nun curso da ESO nun centro sostido con fondos públicos.
- Devolver os libros do curso anterior en bo estado.
- Non participar no proxecto E-DIXGAL (neste caso só se poderá solicitar a axuda para material escolar).
- Xustificar a renda familiar do exercicio 2023.

Documentación que hai que achegar (se procede)

- Anexo I e II (solicitude e comprobación de datos).
- Libro de familia ou certificado de convivencia.
- Xustificantes de discapacidade, tutela, acollemento ou outras circunstancias especiais.

Presentación de solicitudes

- Preferentemente por vía electrónica: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>
- Tamén se poden presentar presencialmente no centro educativo.

Para calquera dúbida ou axuda na tramitación, poden dirixirse ao equipo administrativo do centro.